



# SENDA DOS HUMEDAIS



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de  
Conservación da Natureza



Concello de  
Salceda  
de Caselas  
Concellaría de Medio Ambiente  
e Desenvolvemento Sostible

educación ambiental

## SENDA DOS HUMEDAIS

O Lugar de Interese Comunitario (LIC) “Gándaras de Budiño” é un dos humedais interiores máis interesantes de Galicia, tanto polos hábitats como polas especies que alberga. Ten unha superficie total de 834,17 ha e pertence a tres concellos: O Porriño, Tui e Salceda de Caselas.

A “Senda dos Humedais” pasa por algúns dos hábitats de interese comunitario deste LIC, e ademais enlaza con outras rutas permitindo un coñecemento máis amplo deste e outros espazos naturais.



## Que é a REDE NATURA 2000?

É unha rede europea de espazos protexidos que ten como obxectivo garantir a conservación dos hábitats naturais e das especies de flora e fauna de interese comunitario. Formando parte desta rede están os Lugares de Interese Comunitario (LICs), dos que en Galicia hai 59, entre eles o denominado “Gándaras de Budiño”.



## NORMATIVA e RECOMENDACIÓNS



NON DANES AS PLANTAS



NON MOLESTES AOS ANIMAIS.



NON TIRES LIXO. AXUDA A MANTER O CONTORNO LIMPO



O RUÍDO É OUTRA FORMA DE CONTAMINACIÓN, EVÍTAO



LEVA ROUPA E CALZADO ADECUADO.




NON SAIAS DOS CAMIÑOS E GOZA CON TODO O QUE TE OFRECE Á NATUREZA.

### HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO no LIC GÁNDARAS DE BUDIÑO


(Directiva 92/43/CEE de Conservación dos Hábitats Naturais e da Fauna e la Flora Silvestres)

- Bosques aluviais de ameneiros.
- Uceiras húmidas atlánticas .
- Depresións sobre sustratos turbosos .
- Augas oligotróficas con contido de minerais moi baixo.
- Lagos eutróficos naturais con vexetación.
- Turbeiras altas activas.
- Mires de transición.



**DATOS TÉCNICOS**

Dificultade: baixa  
 Percorrido: circular  
 Lonxitude: 8 quilómetros  
 Sinalización: balizas direccionais



- ■ ■ ■ Ruta dos Humedais
- ▀ Inicio e finalización
- 1-5 Paneis interpretativos
- ■ ■ ■ Enlace P. N. Monte Aloia
- LIC en Salceda de Caselas
- LIC "Gándaras de Budiño"
- ▬ GR-58
- - - Roteiro Gándaras Budiño
- ☀ ☀ ☀ Camiño de Santiago
- ▬ Estradas

**Cómo chegar?**

A senda está ubicada na parroquia de San Estevo de Budiño. O máis doado é ir pola A-55 (saída 165) e seguir ata a nacional N-550. Á altura do Cerquido xa atopamos as primeiras indicacións que nos levan até o centro cultural "O Coto", lugar de inicio e finalización da senda.

**Descrición do percorrido.**

A auga é o elemento que define esta ruta. A súa presenza acompañará a nosa andaina, e verémola percorrer paseniño polo gran entramado de regatos, ríos, brañas, gándaras e regos. No primeiro tramo un conxunto de vellos muiños agarda o intre de voltar a traballar coa axuda das augas do pequeno regato... Éstas augas xúntanse máis adiante ás do río Becerreira, do mesmo xeito que as filtradas pola braña da "rega da lama", espazo de gran importancia ecolóxica. O Becerreira, tamén coñecido como río Tinto, lévanos até o río que formou a depresión sobre o que se asenta este conxunto de hábitats de singular valor, o Louro. O bosque asolagado que agarda neste treito do camiño semella unha paisaxe encantada saída dun conto. Máis adiante chegamos a un lugar antano ferido polo home - antigo vertedeiro en restauración-, onde a natureza está a recuperar o que lle foi sustraído. Xa por último, e seguindo as augas que sucán os regos, chegamos aos campos de cultivo e prados, lugares que tamén axudan ao mantemento dunha interesante biodiversidade.



*Coenagrion mercuriale*, especie protexida



Xunca de algodón, habitante de brañas e turbeiras



"Muiño do Medio" no primeiro tramo da senda



Río Becerreira, chegando a ponte do Carneiro



Ponte das Febres, no enlace ao P.N. Monte Aloia

# SENDA DOS HUMEDAIS

